

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: Sala de Xuntas de Posgrao e Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 29 de novembro de 2023

Hora de comezo: 12:30 h

Hora de remate: 14:00 h

ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Antonia Blanco Pesqueira (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da presidencia
3. Aprobación, se procede, do informe do SGC previsto no RD 822/2021: Modelo e responsabilidade
4. Aprobación, se procede, da metodoloxía para modificacións non substanciais
5. Aprobación, se procede, das declaracións de interese (verificacións, modificacións substanciais/non substanciais)
6. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Apróbase por asentimento a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 27 de xullo de 2022.

2. Informe da presidencia

O director da EIDO informa sobre os seguintes puntos:

- A incorporación de Ignacio Pérez Juste como subdirector da EIDO en substitución de Marcos Arias Acuña. O presidente agradece o labor desenvolvido por Marcos Arias durante o seu período como subdirector da EIDO.
- A presentación de QSPs e reclamacións ante a Valedoría Universitaria.
- Os temas tratados na XI Conferencia de Directoras e Directores de Escuelas de Doctorado

O subdirector da EIDO informa sobre a situación dos seguintes programas de calidade:

- PD en Verificación:

O PD en Nanociencia e Biomedicina recibiu o RUCT o 18.07.2023 e atópase actualmente implantado.

Non hai PD en verificación no curso 2024/25, xa que a proposta de PD en Contabilidade foi rexeitada pola ACSUG e a Xunta.

Hai unha proposta para un novo PD en Ciencias da Saúde a implantar no curso 2025/26 impulsado dende a Facultade de Fisioterapia que se tratará no punto 5.

Houbo unha primeira toma de contacto para un novo PD en Literatura Dramática, Música e Artes Escénicas que finalmente non se presentou como proposta.

- PD en Acreditación:

O 14/11/2023 recibíuse o informe provisional favorable da ACSUG para a renovación da acreditación do PD en Creatividade e Innovación social e sostible. Todos os criterios están valorados como B (acádase), agás o de Información e Transparencia que valórase con C (acádase parcialmente) debido a integración da información, a actualización dos resultados do PD e o acceso aos resultados das enquisas.

O PD en Auga, Sostenibilidade e Desenvolvemento, que foi obxecto de visita de avaliación en xuño, está pendente de recibir o informe ACSUG de renovación da acreditación.

- PD en Modificación:

O Ministerio de Universidades solicitou cambios menores na memoria do PD en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria para a súa adaptación ao novo RD 2023 de doutoramento que xa foron remitidos dende a Área de Novas Titulacións.

Os PDs que propoñen modificacións substanciais e non substancias trataranse no punto 5.

- PD en Seguimento:

O PD en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión, que remitiu a ACSUG o autoinforme en xuño, está pendente de recibir o informe ACSUG de seguimento.

O PD en Protección do Patrimonio Cultural, que remitiu a ACSUG o autoinforme en maio, está pendente de recibir o informe ACSUG de seguimento.

- Programación do seguimento e acreditación:

A programación do ano 2024 inclúe a renovación da acreditación do PD en Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión, o primeiro ciclo de seguimento trala implantación no curso 2020/2021 do PD en Turismo (coordinado pola Universidade de Málaga) e o segundo ciclo de seguimento trala renovación da acreditación no curso 2018/2019 do PD en Ciencias da educación e do comportamento, do PD en Educación, deporte e saúde, do PD en Ordenación xurídica do mercado e do PD en Tecnoloxías da información e as comunicacións.

O técnico de calidade Miguel Dorribo informa sobre os seguintes puntos:

- Non hai avances sobre a acreditación institucional xa que non se dispón de protocolo debido a falta de consenso entre ANECA e REACU. A previsión é que non se dispoña deste protocolo antes de seis meses.
- As accións de mellora elaboradas polos grupos de traballo están actualmente en execución e informarase sobre elas nunha vindeira reunión da Comisión de Calidade.
- Como consecuencia dos cambios regulatorios é necesario abordar unha modificación dos procedementos do Sistema de Garantía de Calidade. Esta modificación programárase en dúas fases: nunha primeira fase no curso 2023/2024 modificaranse aqueles procesos máis afectados polos cambios legislativos e unha segunda fase no curso 2024/2025 dedicaríase aos cambios do resto de procedementos.
- Medición da satisfacción:

O informe dos resultados das enquisas a estudantes de 1º e 3º ano do curso 2022/2023 está en elaboración

De acordo coa programación establecida, as enquisas ao PDI dos cursos 2022/2023 e 2023/2024 realizaranse en xullo de 2024.

Sen embargo, as enquisas ao PAS adíanse ata maio de 2024 para evitar o efecto que poidan ter nos resultados os cambios asociados co concurso de traslados do persoal ou os cambios das plataformas informáticas.

O primeiro informe do Observatorio sobre a inserción laboral dos egresados da promoción 2020/2021 que inclúe o doutoramento está en elaboración.

- Programa HRS4R:

O 27/11/2023 produciuse a presentación institucional a todos os servizos e estruturas de I+D+i do programa HRS4R. O programa sufrirá cambios no ciclo 2023/2026 e o plan de acción en elaboración poderá ter impacto na EIDO e no ciclo de doutoramento.

3. Aprobación, se procede, do informe do SGC previsto no RD 822/2021: Modelo e responsabilidade

O subdirector da EIDO informa que, de acordo co Artigo 30 do RD 822/2021, as modificacións non substanciais dos planos de estudos de centros non acreditados institucionalmente debe ser aprobadas polos órganos de goberno da universidade previo informe favorable dos sistemas de garantía de calidade.

Este é o caso dos programas de doutoramento asociados á EIDO, polo que faise necesario establecer a responsabilidade da emisión deste informe e os seu modelo e o subdirector propón que o responsable da emisión sexa a Comisión de Calidade da EIDO (como órgano colexiado que integra a representación dos distintos grupos de interese na xestión de calidade da EIDO) e, sen deseñar un modelo específico de informe, empregar o informe dos acordos da comisión de calidade como o Informe do SGC requirido polo RD 822/2021.

A Comisión de Calidade aproba por asentimento esta proposta de responsabilidade e modelo dos informes para as modificacións non substanciais de programas de doutoramento..

4. Aprobación, se procede, da metodoloxía para modificacións non substanciais

O subdirector da EIDO informa que o calendario da universidade para a tramitación de modificacións nos programas de doutoramento non inclúe o caso particular de modificación non substanciais que establece o procedemento publicado pola ACSUG de abril de 2023, polo que faise necesario establecer unha metodoloxía simplificada para tramitar estes cambios non substanciais nos programas de doutoramento. O subdirector da EIDO propón unha metodoloxía cos seguintes pasos:

- Aprobación polas CAPD das declaracións de interese da universidade e o Anexo I da ACSUG
- Exposición pública

- Validación ou informe favorable da Comisión de Calidade da EIDO (que ten as competencias delegadas para as modificacións dos PD)
- Aprobación Consello de Goberno

Este procedemento actualízase no calendario de modificacións do vindeiro curso e nos procesos do Sistema de Garantía de Calidade da EIDO.

A Comisión de Calidade aproba por asentimento a metodoloxía para modificacións non substanciais de programas de doutoramento.

5. Aprobación, se procede, das declaracións de interese (verificacións, modificacións substanciais/non substanciais)

Con respecto a proposta de verificación dun PD en Ciencias da Saúde impulsado dende a Facultade de Fisioterapia, a Comisión de Calidade considera convinte para a universidade contar con oferta de doutoramento no ámbito da saúde. En base a este interese, a Comisión de Calidade acorda por asentimento emitir un informe favorable á declaración de interese condicionado a que durante a elaboración da memoria se resolvan algunhas das debilidades atopadas na proposta:

- A calidade do profesorado do título non cumpre os requisitos de RD 576/2023 polo que debe incrementarse a proporción de profesorado con experiencia investigadora recoñecida, incorporando, por exemplo, profesorado doutros ámbitos como enfermería ou medicina.
- O número de liñas de investigación é pequeno para unha proposta de PD cunha denominación tan ampla e sería convinte explorar a posibilidade de incorporar liñas doutros ámbitos da investigación relacionados, por exemplo, coa enfermería, coa enxeñería biomédica, co Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur ou do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Se a proposta finalmente non puidese ser modificada tendo en conta estes aspectos e tendo en conta que a Xunta ou a ACSUG poden tamén por limitacións a novas propostas de títulos, a Comisión de Calidade tamén suxire a posibilidade de que esta proposta poida integrarse nalgún dos PD xa existentes na universidade como, por exemplo, o PD en Nanociencia e Biomedicina.

Acordase por asentimento emitir un informe favorable á declaración de interese á proposta de modificación substancial do PD en Creación e Investigación en Arte Contemporánea. Esta modificación está motivada polo informe de renovación da acreditación.

Acordase por asentimento emitir informe favorable ás declaracións de interese para as modificacións non substanciais do seguintes PD:

- Biotecnoloxía Avanzada
- Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
- Estudos Lingüísticos

- Sistemas Software Intelixentes e Adaptables
- Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria

6. Rolda aberta de intervencións

O profesor Pedro Pablo Gallego pregunta sobre o cambio á nova plataforma informática Sigma e suxire a posibilidade de implementar un sistema de alarmas ou alertas para profesores e estudantes cando se acerquen os prazos para petición de prórrogas ou a data de finalización da tese-. O xefe de servizo José Luis Reboiro indica que na plataforma actual Xescampus non hai a posibilidade informática de incluír alertas e que o cambio a plataforma Sigma da xestión dos programas de doutoramento está en estudio. O director da EIDO suxire a conveniencia de aumentar o uso da plataforma MOOVI na que están incluídos todos os estudantes de doutoramento como medio adicional para comunicar mais información e á que se poden tamén engadir os coordinadores dos programas de doutoramento.

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 29/11/2023

1. Apróbase a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 27 de xullo de 2022.
2. Apróbase a responsabilidade da Comisión de Calidade e o modelo dos informes do SGC previstos no RD 822/2021 para as modificacións non substanciais de programas de doutoramento.
3. Apróbase a metodoloxía para as modificacións non substanciais de programas de doutoramento.
4. Apróbase a emisión de informe favorable á declaración de interese para a verificación dun novo PD en Ciencias da Saúde condicionado a que durante a elaboración da memoria resolvan as debilidades indicadas no informe.
5. Apróbase a emisión de informe favorable á declaración de interese para a modificación substancial do PD en Creación e Investigación en Arte Contemporánea.
6. Apróbase a emisión de informes favorables ás declaracións de interese para as modificacións non substanciais dos PD en:
 - Biotecnoloxía Avanzada
 - Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
 - Estudos Lingüísticos
 - Sistemas Software Intelixentes e Adaptables
 - Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente